


<i>Área / Unidad</i> GESTION DE DEPORTES DJ1000 MTVP	<i>Documento</i> 21116I02AU	
<i>Código de verificación</i>  0H1C 152J 512A 4H1R 0F8V	<i>Expediente</i> 211/2022/477	
	<i>Fecha</i> 25-05-2022	

## DECRETO

Visto o informe do Director de Área de Deportes que antecede o presente decreto e, en uso das facultades que me confire la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, consonte coa delegación de Alcaldía, mediante Decreto 3847/2019, de data 26.06.2019, (BOP nº 124, de 03.07.2019),

## RESOLVO

Aprobar as Bases da convocatoria e procedemento de inscrición do programa municipal "Coruña no Mar" da Concellaría de Deportes que se vai desenvolver nos meses de xullo, agosto e setembro, e ordenar a publicación das ditas Bases na páxina web do Concello da Coruña para coñecemento xeral.

As Bases achéganse a esta resolución como ANEXO formando parte dela.

A Coruña, a data da sinatura deste documento.

A Concelleira de Deportes, consonte co dispositivo Terceiro, letra e) do Decreto 3847/2019 (BOP núm. 124 de 03/07/2019)

Mónica Martínez Lema

## **BASES E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN**

### **1. OBXECTO**

Constitúe o obxecto destas bases regular a Convocatoria da Concellería de Deportes para os cursos e actividades correspondentes ao programa municipal “Coruña no mar”, que se desenvolverá no Concello da Coruña durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2022.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, poderase obter información no teléfono 981 189 800 e no de información da cidadanía 010.

Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

### **2. PERSOAS DESTINATARIAS E NÚMERO DE PRAZAS**

A convocatoria vai dirixida a toda a cidadanía do Concello da Coruña, atendendo ás franxas de idades e número de prazas dispoñibles para cada un dos cursos e actividades ofertadas no programa, segundo se establece no cadro do **Anexo 1**.

### **3. NORMAS XENÉRICAS**

**3.1.** As actividades do Programa “Coruña no mar”, segundo a súa temporalidade, son de dous tipos:

- CURSOS SEMANAIS (de cinco días, de luns a venres)
- ACTIVIDADES DE FIN DE SEMANA (dun día: venres, sábado ou domingo)

**3.2.** Serán **requisitos** para participar:

3.2.1. **Saber nadar.** Defensa no medio acuático, flotabilidade e movementos básicos.

3.2.2. Cumprir coa **idade mínima establecida** para cada curso ou actividade (segundo o cadro do Anexo 1) e considerando a referida á que o/a alumno/a debe ter a 31 de decembro do ano en curso.

**3.3.** A persoa solicitante ou, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o Servizo Municipal de Deportes (en adiante SMD) detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa poderá causar baixa na actividade.

3.4. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto. Neste sentido, non se levarán a cabo as actividades que non contén cun **mínimo do 30% de inscricións** sobre as prazas ofertadas.

3.5. Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, se for o caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.

3.6. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

#### 4. SOLICITUDES DE INSCRICIÓN

4.1. As persoas interesadas deberán cubrir o formulario específico que estará á súa disposición na páxina web de Deportes [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). No caso de non dispoñer dos medios telemáticos necesarios, poderán chamar ao teléfono 981 189 800 (ext. 25037 ou 25038), en horario de 08:00 a 15:00 h, de luns a venres.

4.2. Establécese un **único prazo de solicitude** para todas as actividades do programa, coas seguintes datas:

Proceso	Datas
<b>Prazo de solicitudes</b>	25 a 29 de maio
<b>Listaxe provisional de solicitantes</b>	1 de xuño
<b>Prazo de corrección</b>	2 a 4 de xuño
<b>Listaxe definitiva de solicitantes</b>	6 de xuño
<b>Sorteo</b>	7 de xuño
<b>Listaxe persoas admitidas/agarda</b>	13 de xuño
<b>Formalización da matrícula</b>	14 a 20 de xuño
<b>Movemento lista de agarda</b>	A partir do 21 de xuño

4.3. **Límite de solicitudes:** cada persoa poderá presentar unha única solicitude na que poderá indicar como máximo ata:

- 2 cursos semanais, indicando cal se establece como 1ª e 2ª opción de preferencia.
- 2 actividades de fin de semana, indicando cal se establece como 1ª e 2ª opción de preferencia.

4.4. No caso de rexistrar no mesmo prazo e para a mesma persoa **máis dunha solicitude** para cursos ou para actividades, sempre se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

4.5. Aquelas persoas que desexen realizar a mesma actividade ou curso na mesma quenda (Por exemplo, irmáns, parellas, amizades, etc.),

recomendamos cubran na web os formularios correspondentes de forma continuada no tempo, para teren a posibilidade de obter números de sorteo próximos. Isto non garante que todas esas persoas obteñan praza no mesmo curso/actividade, pero terán máis posibilidades que se as solicitudes se fan separadas no tempo.

**4.6. Prazo de corrección de erros:** a partir da data de publicación de listaxes provisionais, abrirase un prazo de **3 días naturais** para alegacións e corrección de erros, preferentemente a través do correo electrónico [gestiondeportes@coruna.gal](mailto:gestiondeportes@coruna.gal). No caso de non dispoñer dos medios necesarios, poderá realizarse presencialmente nas oficinas do SMD (situadas na Cidade Deportiva da Torre, no Polideportivo do Barrio das Flores e no Palacio de Deportes de Riazor) no horario de rexistro e atención ao público do Concello, concertando [cita previa](#).

Durante o prazo de corrección, **non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios** nos cursos ou actividades solicitadas.

Logo de recibir todas as solicitudes e unha vez finalizado o prazo de corrección de erros, **asignaráselle un número a cada solicitude** por orde cronolóxica de entrada. Unha vez asignado, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

**4.7. Orde de preferencia:** nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- 1.º) As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2.º) A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude.
- 3.º) O sorteo de prazas segundo o número de solicitude asignado, e conforme ao número agraciado no sorteo público.

**4.8. Sorteo de prazas:** cada solicitude rexistrada levará asignado un número, segundo a orde de entrada. Naqueles cursos nos que a demanda sexa maior que a oferta, procederanse a asignar as prazas a partir dos números de solicitude, conforme ao sorteo público que terá lugar na web: <https://echaloasuerte.com/number/> ou no seu defecto, no Palacio de Deportes de Riazor, a través do procedemento de sorteo con números en bolsa opaca.

**Realizaranse dous sorteos de número, un para os cursos intensivos e outro para as actividades puntuais.**

## 5. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

**5.1.** Tras a adxudicación da praza, a inscrición formalizarase presentando a **folha de inscrición e aboando a taxa correspondente segundo a idade**, nas

datas establecidas para o efecto, nos rexistros de Deportes (C.D Riazor, C.D. Torre ou Polideportivo do Barrio das Flores), concertando [cita previa](#).

**5.2. Documentación:** xunto coa folla de inscrición deberase presentar unha fotocopia do DNI (dende os 14 anos); para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén se deberá presentar o Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/a legal. No caso de persoas suxeitas a tutela, deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.

**5.3.** A persoa solicitante ou, de ser o caso, quen teña a súa representación legal, fará constar que cumpre cos requisitos de inscrición, que **sabe nadar**, e que **non padece ningunha enfermidade** que a incapacite para practicar a actividade deportiva. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade, ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse o informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.

**5.4.** Coa formalización da inscrición, o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sanitaria vixente en cada momento.

No caso de que as autoridades sanitarias, debido á evolución da pandemia, determinen unha redución da ratio por debaixo da porcentaxe establecida para a viabilidade do programa, o Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña resérvase a potestade de facer as modificacións necesarias ou suspendelo.

**5.5. Renuncia á praza:** as persoas que, rematado o prazo establecido, non formalizaran a matrícula, facendo o pagamento do prezo correspondente, entenderase que renuncian á praza que tiñan adxudicada. A dita praza ofrecerase ás persoas en lista de agarda.

**5.6. Lista de agarda.** As prazas que queden sen cubrir no prazo de formalización da inscrición serán ocupadas segundo a listaxe de agarda, atendendo sempre aos criterios da orde de preferencia do punto 4.7 destas bases. Para iso, procederase á publicación dun primeiro movemento da lista de agarda.

**5.7.** A formalización da inscrición leva implícito o **compromiso de ocupación da praza**, polo que a falta de asistencia poderá implicar a imposibilidade de participar en ningunha outra actividade do programa durante o ano en curso.

## 6. PREZO

Os cursos e as actividades de “Coruña no mar” terán os seguintes prezos:

- **Menores de idade: 1 € /curso ou actividade**
- **Maiores de idade: 3€/curso ou actividade.**

## 7. FOLLA DE INSCRICIÓN



FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES  
DO PROGRAMA CORUÑA NO MAR 2022

### Servizo Municipal de Deportes

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE									
APELIDOS:					NOME:				
DNI:			DATA NACEMENTO:			E-MAIL:			
RÚA:							N.º:		
ANDAR:		LETRA:			CÓDIGO POSTAL:				
LOCALIDADE:									
TELÉFONO 1:					TELÉFONO 2:				
DISCAPACIDADE: Tipo				GRAO:		DEPENDENTE:		SI / NON	

DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de menor ou dependente)									
APELIDOS:					NOME:				
DNI:									
AUTORIZO O/A MENOR A QUE ABANDONE SÓ/SO A ACTIVIDADE UNHA VEZ FINALIZADA, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE								SI / NON	

PERSOA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE									
NOME E APELIDOS:							Teléfono móbil:		

ACTIVIDADE NA QUE SE INSCRIBE									
CURSO/ACTIVIDADE:					QUENDA:				

#### E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que me comprometo a asistir á actividade e por tanto ocupar a praza obtida.
- Que son certos os datos facilitados.
- Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para practicar a devandita actividade deportiva (Nota: o Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir o certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportunos).
- Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina [web](#) municipal na data de sinatura do presente documento.
- Que sei nadar 25 metros sen tocar fondo nin suxeitarme a medios auxiliares fixos ou móbiles.
- Que accederé á actividade coas medidas de protección esixidas e que cumprirei as normas de utilización que marca o protocolo e as directrices do persoal.

#### USO DA IMAXE

**MENORES DE IDADE:** AUTORIZO EXPRESAMENTE á utilización da imaxe (foto e/ou vídeo) do meu fillo/a para a súa publicación na páxina [web](#) do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello: SI  / NON

**MAIORES DE IDADE:** AUTORIZO EXPRESAMENTE á utilización da miña imaxe (foto e/ou vídeo) para a súa publicación na páxina [web](#) do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello: SI  / NON

A Coruña, de de 2022

Sinatura do/a alumno/a e no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a

## ANEXO 1: CURSOS E ACTIVIDADES

### A) Cursos intensivos semanais (luns a venres)

<i>Código</i>	<i>Actividade</i>	<i>Quenda</i>	<i>Horas</i>	<i>Ano de nacemento</i>	<i>Idades</i>	<i>Prazas Nº</i>
CS01	Paddle Surf	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS02	Paddle Surf	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS03	Paddle Surf	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS04	Paddle Surf	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS05	Paddle Surf	5ª Quenda: 1 ao 5 agosto	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS06	Paddle Surf	6ª Quenda: 8 ao 12 agosto	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS07	Paddle Surf	7ª Quenda: 15 ao 19 agosto	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS08	Paddle Surf	8ª Quenda: 22 ao 26 agosto	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS09	Paddle Surf	9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	6
CS10	Paddle Surf	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS11	Paddle Surf	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS12	Paddle Surf	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS13	Paddle Surf	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS14	Paddle Surf	5ª Quenda: 1 ao 5 agosto	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS15	Paddle Surf	6ª Quenda: 8 ao 12 agosto	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS16	Paddle Surf	7ª Quenda: 15 ao 19 agosto	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS17	Paddle Surf	8ª Quenda: 22 ao 26 agosto	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS18	Paddle Surf	9ª Quenda: 29 ao 2 setembro	18:00 a 20:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS19	Piragüismo	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS20	Piragüismo	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS21	Piragüismo	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS22	Piragüismo	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS23	Piragüismo	5ª Quenda: 1 ao 5 agosto	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS24	Piragüismo	6ª Quenda: 8 ao 12 agosto	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS25	Piragüismo	7ª Quenda: 15 ao 19 agosto	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS26	Piragüismo	8ª Quenda: 22 ao 26 agosto	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS27	Piragüismo	9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro	16:00 a 18:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
CS28	Snorkel e Foto Subacuática	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	12:00 a 14:00h	2007 e anteriores	Máis 15 anos	8
CS29	Snorkel e Foto Subacuática	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	12:00 a 14:00h	2007 e anteriores	Máis 15 anos	8
CS30	Snorkel e Foto Subacuática	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	12:00 a 14:00h	2007 e anteriores	Máis 15 anos	8
CS31	Snorkel e Foto Subacuática	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	12:00 a 14:00h	2007 e anteriores	Máis 15 anos	8
CS32	Vela Lixeira	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS33	Vela Lixeira	1ª Quenda: 4 ao 8 xullo	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS34	Vela Lixeira	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS35	Vela Lixeira	2ª Quenda: 11 ao 15 xullo	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS36	Vela Lixeira	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS37	Vela Lixeira	3ª Quenda: 18 ao 22 xullo	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS38	Vela Lixeira	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS39	Vela Lixeira	4ª Quenda: 25 ao 29 xullo	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS40	Vela Lixeira	5ª Quenda: 1 ao 5 agosto	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12

CS41	<b>Vela Lixeira</b>	<i>5ª Quenda: 1 ao 5 agosto</i>	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS42	<b>Vela Lixeira</b>	<i>6ª Quenda: 8 ao 12 agosto</i>	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS43	<b>Vela Lixeira</b>	<i>6ª Quenda: 8 ao 12 agosto</i>	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS44	<b>Vela Lixeira</b>	<i>7ª Quenda: 15 ao 19 agosto</i>	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS45	<b>Vela Lixeira</b>	<i>7ª Quenda: 15 ao 19 agosto</i>	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS46	<b>Vela Lixeira</b>	<i>8ª Quenda: 22 ao 26 agosto</i>	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS47	<b>Vela Lixeira</b>	<i>8ª Quenda: 22 ao 26 agosto</i>	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS48	<b>Vela Lixeira</b>	<i>9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro</i>	16:00 a 18:00h	Entre 2005 e 2014	De 8 a 17 anos	12
CS49	<b>Vela Lixeira</b>	<i>9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro</i>	16:00 a 18:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	6
CS50	<b>Windsurf</b>	<i>1ª Quenda: 4 ao 8 xullo</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS51	<b>Windsurf</b>	<i>2ª Quenda: 11 ao 15 xullo</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS52	<b>Windsurf</b>	<i>3ª Quenda: 18 ao 22 xullo</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS53	<b>Windsurf</b>	<i>4ª Quenda: 25 ao 29 xullo</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS54	<b>Windsurf</b>	<i>5ª Quenda: 1 ao 5 agosto</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS55	<b>Windsurf</b>	<i>6ª Quenda: 8 ao 12 agosto</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS56	<b>Windsurf</b>	<i>7ª Quenda: 15 ao 19 agosto</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS57	<b>Windsurf</b>	<i>8ª Quenda: 22 ao 26 agosto</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS58	<b>Windsurf</b>	<i>9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro</i>	17:00 a 19:00h	2009 e anteriores	Máis 13 anos	8
CS59	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>1ª Quenda: 4 ao 8 xullo</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS60	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>2ª Quenda: 11 ao 15 xullo</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS61	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>3ª Quenda: 18 ao 22 xullo</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS62	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>4ª Quenda: 25 ao 29 xullo</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS63	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>5ª Quenda: 1 ao 5 agosto</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS64	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>6ª Quenda: 8 ao 12 agosto</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS65	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>7ª Quenda: 15 ao 19 agosto</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS66	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>8ª Quenda: 22 ao 26 agosto</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS67	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro</i>	15:00 a 17:00h	2004 e anteriores	Máis 18 anos	12
CS68	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>1ª Quenda: 4 ao 8 xullo</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS69	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>2ª Quenda: 11 ao 15 xullo</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS70	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>3ª Quenda: 18 ao 22 xullo</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS71	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>4ª Quenda: 25 ao 29 xullo</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS72	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>5ª Quenda: 1 ao 5 agosto</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS73	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>6ª Quenda: 8 ao 12 agosto</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS74	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>7ª Quenda: 15 ao 19 agosto</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS75	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>8ª Quenda: 22 ao 26 agosto</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10
CS76	<b>Natación en Augas Abertas</b>	<i>9ª Quenda: 29 agosto ao 2 setembro</i>	17:00 a 19:00h	Entre 2005 e 2012	De 10 a 17 anos	10





## B) Actividades puntuais de fin de semana (venres, sábado ou domingo)

<i>Código</i>	<i>Actividade</i>	<i>Datas</i>	<i>Horas/Día</i>	<i>Ano de nacemento</i>	<i>Idades</i>	<i>Prazas</i>
AP01	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 23 xullo</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
AP02	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 13 agosto</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
AP03	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Domingo 21 agosto</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
AP04	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Domingo 28 agosto</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	20
AP05	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 2 xullo</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	12
AP06	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 9 xullo</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	12
AP07	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 30 xullo</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	12
AP08	<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 6 agosto</i>	10:00 a 12:00h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	12
AP09	<b>Navegación Costeira</b>	<i>Venres 1 xullo</i>	09:00 a 14:00h	2010 e anteriores	Máis 12 anos	9
AP10	<b>Navegación Costeira</b>	<i>Venres 8 xullo</i>	09:00 a 14:00h	2010 e anteriores	Máis 12 anos	9
AP11	<b>Navegación Costeira</b>	<i>Venres 15 xullo</i>	09:00 a 14:00h	2010 e anteriores	Máis 12 anos	9
AP12	<b>Navegación Costeira</b>	<i>Venres 22 xullo</i>	09:00 a 14:00h	2010 e anteriores	Máis 12 anos	9
AP13	<b>Navegación Costeira</b>	<i>Venres 29 xullo</i>	09:00 a 14:00h	2010 e anteriores	Máis 12 anos	9
AP14	<b>Mergullo</b>	<i>Sábado 9 xullo</i>	11:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	12
AP15	<b>Mergullo</b>	<i>Sábado 16 xullo</i>	11:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	12
AP16	<b>Mergullo</b>	<i>Sábado 23 xullo</i>	11:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	12
AP17	<b>Mergullo</b>	<i>Sábado 30 xullo</i>	11:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	12
AP18	<b>Mergullo</b>	<i>Sábado 6 agosto</i>	11:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	12
AP19	<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Domingo 3 xullo</i>	09:30 a 12:30h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	8
AP20	<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Domingo 10 xullo</i>	09:30 a 12:30h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	8
AP21	<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Domingo 17 xullo</i>	09:30 a 12:30h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	8
AP22	<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Domingo 24 xullo</i>	09:30 a 12:30h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	8
AP23	<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Domingo 31 xullo</i>	09:30 a 12:30h	2014 e anteriores	Máis 8 anos	8
AP24	<b>Pesca desde Pantalán</b>	<i>Sábado 2 xullo</i>	10:30 a 12:30h	Entre 2008 e 2014	De 8 a 14 anos	20
AP25	<b>Pesca desde Pantalán</b>	<i>Sábado 9 xullo</i>	10:30 a 12:30h	Entre 2008 e 2014	De 8 a 14 anos	20
AP26	<b>Pesca desde Pantalán</b>	<i>Sábado 16 xullo</i>	10:30 a 12:30h	Entre 2008 e 2014	De 8 a 14 anos	20
AP27	<b>Pesca desde Pantalán</b>	<i>Sábado 23 xullo</i>	10:30 a 12:30h	Entre 2008 e 2014	De 8 a 14 anos	20
AP28	<b>Pesca desde Pantalán</b>	<i>Sábado 30 xullo</i>	10:30 a 12:30h	Entre 2008 e 2014	De 8 a 14 anos	20